



## Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de  
fin de grao

Retrato dunha Galiza en  
tránsito

Transformacións  
socioeconómicas no século XXI

Emma Casanova Martínez

Xuño 2025

# Resumo

As fondas transformacións socioeconómicas acaecidas en Galiza no último medio século mudaron radicalmente o perfil económico, demográfico, laboral e social do territorio. En pouco máis de trinta anos, Galiza pasou de ser unha economía eminentemente agraria e rural a ser unha economía máis moderna, dinámica, conectada e mellor posicionada. Con todo, tamén se presenta como unha sociedade máis vella, máis concentrada xeograficamente e con profundos retos aos que debe facer fronte. A repoboación do rural, a cohesión territorial, a transición tecnolóxica, a equidade na distribución da riqueza e o investimento sostido en innovación constitúen algúns dos desafíos clave do futuro.

Sobre este contexto versa a dinámica do presente estudo, que ten como obxectivo principal ofrecer, a través da análise descritiva de datos estatísticos e da revisión de diversos estudos académicos, unha visión integral que permita comprender non só as dinámicas económicas e sociais, senón tamén as interrelacións entre ambas e o seu impacto no desenvolvemento endógeno de Galiza.

O traballo consta de 9.858 palabras.

# Índice

<b>Resumo .....</b>	<b>2</b>
<b>Índice.....</b>	<b>3</b>
<b>Índice de abreviaturas .....</b>	<b>4</b>
<b>Índice de táboas, gráficos ou figuras .....</b>	<b>5</b>
<b>Introdución.....</b>	<b>8</b>
<b>Planificación .....</b>	<b>10</b>
<b>Desenvolvemento do traballo.....</b>	<b>12</b>
1    A evolución da poboación galega.....	12
1.1    Migración exterior.....	14
1.2    Migración interna da Galiza Oriental e Occidental.....	15
1.3    Migración interna do rural ao urbano.....	16
2    Cadro macroeconómico .....	17
2.1    A evolución do PIB e do PIB por habitante.....	18
2.2    O PIB.....	18
2.2.1    O PIB pola vía da demanda .....	18
2.2.2    O PIB pola vía da oferta.....	20
2.2.3    O PIB pola vía da renda .....	21
2.3    FBCF.....	23
3    Distribución sectorial.....	26
3.1    O sector primario .....	29
3.1.1    O complexo agroindustrial.....	29
3.2    O sector industrial .....	31
3.3    O sector terciario.....	32
4    Inserción comercial .....	34
<b>Conclusións e ampliación .....</b>	<b>39</b>
<b>Bibliografía .....</b>	<b>42</b>

# Índice de abreviaturas

CEE: Comunidade Económica Europea

EBE: Excedente Bruto de Explotación

ERTE: Expediente de Regulación Temporal de Empleo

FBC: Formación Bruta de Capital

FBCF: Formación Bruta de Capital Fixo

I+D: Investigación e Desenvolvemento

IGE: Instituto Galego de Estatística

INE: Instituto Nacional de Estadística

PIB: Produto Interior Bruto

PIBpc: Produto Interior Bruto per cápita

PEME: Pequenas E Medianas Empresas

SMI: Saldo Mínimo Interprofesional

VEB: Valor Engadido Bruto

UE: Unión Europea

# Índice de figuras

Figura 1. Evolución dos nacementos, defuncións e saldo vexetativo en Galiza, 1975-2023 .....	13
Figura 2. Evolución do peso da poboación estranxeira en Galiza sobre o total da poboación galega de nacionalidade española por provincias, 2001-2024.....	15
Figura 3. Evolución do peso da poboación galega por provincias sobre o total, 1970-2024 .....	16
Figura 4. Evolución do PIB galego a prezos de mercado (miles de euros) .....	18
Figura 5. Evolución do PIB galego a prezos de mercado (estrutura porcentual) .....	19
Figura 6. Evolución da estrutura % do VEB de cada rama de actividade (1995-2024)...	20
Figura 7. Evolución do peso dos salarios e do EBE sobre o PIB (1995-2023) .....	21
Figura 8. Variación interanual dos compoñentes do PIB pola vía da renda (1995-2024) .....	23
Figura 9. Evolución do peso do investimento en FBCF de Galiza e España sobre o total do PIB (2000 - 2022).....	24
Figura 10. Investimento en FBCF VS PIB Galiza .....	25
Figura 11. Evolución do gasto en I+D en relación co PIB en España, Galiza e a UE 27 (2000-2023).....	26
Figura 12. Evolución do peso % da produción, do VEB e do emprego dos principais sectores sobre o total (2000-2022) .....	27
Figura 13. Evolución do peso dos principais sectores sobre o total do VEB (1995-2023) .....	27
Figura 14. Evolución do número de empregados por sector económico (1995-2024) ..	28
Figura 15. Estructura % do VEB e o emprego industrial sobre o total galego (2009-2024) .....	31
Figura 16. Evolución do peso do INCN das principais agrupacións industriais (1993-2022) .....	32
Figura 17. Peso do saldo comercial dos principais sectores exportadores da economía galega á UE-27 (2008-2024) .....	35

Figura 19. Evolución das Importacións, Exportacións e Saldo Comercial coa UE-27(2020)  
.....37

# Índice de táboas

Táboa 1. Evolución da poboación estranxeira en Galiza por provincias, 2001 a 2024...	14
Táboa 2. Evolución da poboación por provincias en termos absolutos 1970-2024.....	16
Táboa 3. Evolución do número de habitantes por tamaño de concello, 2001-2024 .....	17
Táboa 4. Estrutura do complexo agroalimentario na economía galega (2000-2022) ....	30
Táboa 5. Evolución do peso relativo do VEB dos servizos e os seus compoñentes .....	33

# Introdución

Este traballo ten como obxectivo principal presentar unha radiografía completa da evolución recente da economía galega, abordando a realidade de Galiza desde diversas dimensións: económica, demográfica, sectorial e internacional. Unha reflexión necesaria nun mundo en constante cambio, pois analiza os efectos que os fenómenos económicos, sociais, ambientais, tecnolóxicos e institucionais acaecidos nos últimos anos tiveron sobre o proceso de configuración da Galiza contemporánea. Deste xeito, busca dar resposta aos futuros retos que afronta a nosa sociedade, así como localizar as causas últimas que explican as profundas transformacións demográficas e sectoriais que viviu o país. Por último, expónse unha reflexión final, orientada a sinalar as posibles accións que, desde os organismos públicos, deben levarse a cabo para superar as limitacións presentes no actual modelo de crecemento económico, especialmente no que atinxe á distribución da riqueza, á capacidade de xerar emprego e á innovación.

En última instancia, trátase de coñecer as nosas debilidades e fortalezas, así como de identificar as oportunidades e ameazas, para poder configurar unha resposta conxunta aos desafíos que se nos presentan como sociedade. Neste sentido, este traballo pretende contribuír á creación desa diagnose, pois ofrece unha análise rigorosa e actualizada que pode ser de utilidade para os órganos de poder público (como base para o deseño de políticas eficaces que respondan aos desafíos demográficos, económicos e sociais), para os académicos (como punto de partida para futuras investigacións que profunden sobre a dinámica socioeconómica, internacional e demográfica de Galiza), e para o público en xeral (como ferramenta útil para superar os prexuízos que, a día de hoxe, seguen enquistados no imaxinario colectivo, produto do asedio institucional que durante décadas sufriu a sociedade galega).

A metodoloxía seguida para a realización do traballo baseouse principalmente na análise cuantitativa dos datos recollidos das bases do Instituto Galego de Estatística e, en menor medida, do Instituto Nacional de Estatística, así como doutras fontes nacionais, estatais e internacionais de información. Desta maneira, a través da recompilación de indicadores macroeconómicos e demográficos, elaborouse unha análise descritiva e comparativa que permitiu identificar as tendencias e os cambios estruturais acaecidos. Paralelamente, realízase unha revisión bibliográfica de estudos e informes recentes recoñecidos no campo, co fin de contextualizar os resultados, ofrecer referencias históricas máis amplas ás obtidas a través dos datos ofrecidos polas fontes anteriormente citadas e, finalmente, integrar as perspectivas teóricas que expliquen os procesos observados.

Nos últimos cincuenta anos, Galiza viviu unha serie de transformacións socioeconómicas de profunda significación, caracterizadas polo paso dunha economía rural e agraria a un novo modelo económico, propio dunha economía dinámica, dominada polo sector servizos. Todo isto nun contexto internacional cambiante, marcado pola inserción comercial de Galiza no exterior, pola consolidación do Estado de Autonomía e polo fortalecemento dos servizos públicos.

O tardío pero rápido proceso de terciarización experimentado, que se consolidou co transvase de dous terzos da poboación do sector primario aos servizos, deu como resultado unha economía moderna pero con características territoriais propias, nas que cobran importancia sectores como a agroindustria ou o automobilístico.

Así as cousas, a sociedade galega experimentou importantes melloras nos seus niveis de vida, así como en termos de PIB per cápita e produtividade, que lle permitiron reducir a fenda existente con España e Europa. Todo, iso si, ao tempo que perdía peso demográfico, político e económico; presenciábase a inversión da pirámide poboacional e acentuábanse os desequilibrios no reparto territorial da poboación.

O traballo estrutúrase en catro grandes bloques. No primeiro, explícase a evolución demográfica, incidindo nos cambios da poboación, nos movementos demográficos e na distribución territorial. O segundo bloque, dedicouse á análise macroeconómica, examinando a evolución do PIB desde unha tripla perspectiva (vía demanda, oferta e renda), o que permitiu ofrecer unha análise máis profunda do crecemento económico. O terceiro apartado, aborda a transformación estrutural da economía galega e pon o foco nas particularidades propias dos sectores económicos, así como nas implicacións que estes teñen sobre o mercado laboral. O cuarto bloque recolle a situación de Galiza no marco económico internacional. Finalmente, preséntanse as conclusións, acompañadas dunha pequena exposición dos principais retos que debe afrontar Galiza para avanzar cara a un desenvolvemento económico e social máis sostible e equilibrado.

# Planificación

Co obxectivo de garantir o correcto desenvolvemento do traballo, elaborouse a seguinte planificación temporal de tarefas, a cal establece os principais fitos, prazos de entrega e períodos destinados á revisión bibliográfica e consulta de datos, así como á redacción, revisión e mellora do traballo.






Outubro 2024							Novembro 2024							Decembro 2024						
lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.	lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.	lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.
	1	2	3	4	5	6					1	2	3							1
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
28	29	30	31				25	26	27	28	29	30		23	24	25	26	27	28	29
														30	31					

Febreiro 2025							Marzo 2025							Abril 2025						
lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.	lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.	lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.
					1	2						1	2		1	2	3	4	5	6
3	4	5	6	7	8	9	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
10	11	12	13	14	15	16	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
17	18	19	20	21	22	23	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
24	25	26	27	28			24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				
							31													

Maio 2025							Xuño 2025						
lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.	lu.	ma.	mi.	xo.	ve.	sá.	do.
			1	2	3	4							1
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22
26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29
							30						

-  Selección e asignación do tema
-  Revisión bibliográfica
-  Reunións co titor
-  Tratamento de datos e redacción do traballo
-  Revisión do texto

# Desenvolvemento do traballo

## 1 A evolución da poboación galega

Desde mediados do século XX sucedéronse unha serie de cambios demográficos, tanto a nivel interno como externo, que foron configurando un novo modelo caracterizado polo estancamento do volume da poboación e pola aceleración do proceso de avellentamento.

A mediados do século XX a poboación galega contaba aproximadamente con algo menos de 2.700.000 habitantes. Sete décadas máis tarde, esta cifra permanece practicamente inalterada, unha situación que contrasta enormemente co período de crecemento vivido os primeiros 50 anos do século pasado. O feito de que o conxunto total da poboación de España medrase un 68,3% no mesmo período, derivou nunha paulatina perda do peso demográfico de Galiza, en favor doutros territorios que tiveron unha dinámica moito máis positiva. Desta maneira, a poboación galega pasa de representar case un 10% sobre o total de habitantes de España en 1950, a representar pouco máis da metade do que anteriormente, un 5,7% en 2020 (López Iglesias, 2016).

Ao mesmo tempo, nos últimos setenta anos dáse unha segunda gran transformación demográfica en Galiza: a inversión da pirámide demográfica. Redúcese, desde 1950, a representación da poboación menor de 15 anos sobre o total un 15% (pasa do 27% ao 12%), e aumenta a das persoas maiores de 65 anos un 17% (que pasa do 8% ao 25%) (Pérez-Caramés, 2024).

A aceleración deste proceso de avellentamento está a afectar, en maior medida, ás provincias orientais. Estas presentan un índice de avellentamento (resultado de dividir o número de persoas maiores de 65 entre o número de persoas menores de 15), moi superior ás provincias de A Coruña e Pontevedra. Así, e mentres que Lugo e Ourense rexistran un índice superior aos 220 e 240 puntos porcentuais respectivamente, as zonas occidentais roldan os 150 puntos.

Con todo, e segundo as proxeccións feitas polo IGE para os próximos 15 anos, cómpre apuntar que a variación da idade media dos galegos será bastante superior para A Coruña e Pontevedra, concretamente do 5,5% e 7,6% respectivamente; en contraposición co 4% que rexistrarán as provincias do interior. A pesar disto, a idade media nas provincias orientais seguiría lixeiramente por riba das occidentais.


Un efecto que, sen dúbida, ten e terá importantes implicacións tanto en termos de sustentabilidade do sistema social (pensións, sanidade e outros servizos sociais asociados á dependencia); como para o mercado de traballo, coa caída da poboación

activa; actuando como factor limitador do crecemento da economía galega. Non obstante, cabe precisar que, se elevamos a análise a un período máis dilatado, unha vez desapareza a xeración do Baby Boom, esta situación de tensión vaise volver transformar coa configuración dunha pirámide máis proporcionada.

Un novo panorama que semella vai ir en deterioro ao non haber un crecemento vexetativo positivo e que a curto prazo vai depender dos fluxos migratorios e das perspectivas no mercado laboral.

A forte caída da natalidade que se vén producindo desde 1975, sumado ao progresivo aumento da taxa de mortalidade (consecuencia do crecente avellentamento), deu lugar a un saldo vexetativo negativo, cunha diminución que se foi acentuando nas dúas últimas décadas (Figura 1). Se ben a diferenza entre o número de nacementos e defuncións en 2001 era de -9.440, en 2023 duplícase a cifra, chegando a contabilizar valores negativos por riba dos 18.000 habitantes.

Figura 1. Evolución dos nacementos, defuncións e saldo vexetativo en Galiza, 1975-2023



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. Serie 1975-2023) (2025a)

En esencia, este proceso de reconfiguración do modelo demográfico non é máis que condición e resultado das transformacións socioeconómicas acaecidas. Estas determinan, en gran medida, a evolución dos nacementos, dos movementos migratorios e dos falecementos; ademais de incidir directamente sobre os fenómenos de corte social e económico do país.

## 1.1 Migración exterior

Pese a que Galiza vén rexistrando nas últimas tres décadas un saldo vexetativo cada vez máis negativo debido á falta dun reemprego xeracional positivo que asegure a continuidade da poboación, a nosa sociedade está a manter, como apuntamos anteriormente, o seu número de habitantes nunha cifra relativamente estable.

Este fenómeno vén explicado polo efecto que a inmigración está a ter sobre as proxeccións demográficas. Desde fai uns anos, Galiza rexistra un balance positivo nos seus intercambios poboacionais co estranxeiro, o que constitúe unha novidade na súa historia demográfica, caracterizada anteriormente polo predominio da emigración.

O país recibe dous tipos principais de inmigrantes, diferenciados polas súas características demográficas e socioeconómicas: por un lado, os de nacionalidade española, na súa maioría emigrantes retornados; e polo outro, estranxeiros (Hernández Borge, 2003). É precisamente o elevado incremento que experimentou o fluxo destes últimos o que explica a tendencia á alza que hoxe en día presenta o saldo demográfico positivo de Galiza co exterior.

Así, o que inicialmente se presentaba como unha situación puntual que acabaría por esgotarse, estase a converter, desde o ano 2022, nunha tendencia que semella vaise a manter a medio ou longo prazo:


Desde 2001, a poboación de nacionalidade estranxeira empadroada en Galiza aumentou case un 80%; pasando de representar o 1,32% sobre o total da poboación galega de nacionalidade española, a representar un 6,09% en 2024. Neste sentido, e se observamos os datos a nivel provincial, podemos ver como Lugo e A Coruña foron as zonas onde maior impacto tivo este auxe (Táboa 1). Así mesmo, e pese a que Ourense rexistrou a variación menos acusada, é a provincia onde o peso da poboación estranxeira sobre a nacional ten unha maior representación, pois supón o 7,61%.

Táboa 1. Evolución da poboación estranxeira en Galiza por provincias, 2001 a 2024

Ano	2001	2011	2021	2022	2023	2024	Variación % de 2001 a 2024
<b>Total</b>	<b>35.152</b>	<b>103.685</b>	<b>114.026</b>	<b>119.174</b>	<b>139.306</b>	<b>155.281</b>	<b>77,36%</b>
A Coruña	11.432	37.359	43.584	46.156	55.136	62.235	<b>81,63%</b>
Lugo	3.608	13.838	16.371	16.967	19.759	22.584	<b>84,02%</b>
Ourense	7.406	15.295	16.019	16.557	19.483	21.531	<b>65,60%</b>
Pontevedra	12.706	37.193	38.052	39.494	44.928	48.931	<b>74,03%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Poboación segundo idade e nacionalidade (española/estranxeira)) (2025b)

Figura 2. Evolución do peso da poboación estranxeira en Galiza sobre o total da poboación galega de nacionalidade española por provincias, 2001-2024




Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Poboación segundo idade e nacionalidade (española/estranxeira)) (2025b)

## 1.2 Migración interna da Galiza Oriental e Occidental

Esta nova dinámica tamén tivo impactos relevantes sobre a distribución demográfica interna de Galiza, pois acentuou os desequilibrios espaciais da poboación dentro do territorio. Desde os anos 70, as provincias occidentais, A Coruña e Pontevedra, experimentaron un progresivo aumento da súa poboación, en detrimento das áreas que se atopan fóra das comarcas que configuran o Eixo Atlántico (López Iglesias, 2016).

Se analizamos a evolución da poboación por provincias desde 1970 (Figura 3), podemos observar como se produce un aumento do número de habitantes tanto na Coruña como en Pontevedra, provincias nas que a poboación incrementou en máis de 260.000 persoas, ao tempo que se rexistra un deterioro demográfico en Lugo e Ourense, coa perda de máis de 230.000 habitantes nos últimos 50 anos (Táboa 2).

Figura 3. Evolución do peso da poboación galega por provincias sobre o total, 1970-2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Evolución da poboación. 1900-2024) (2025c)

Táboa 2. Evolución da poboación por provincias en termos absolutos 1970-2024

Año	1970	1981	1991	2001	2011	2024	Variación 1970-2024
A Coruña	1.030.745	1.093.121	1.096.966	1.096.027	1.141.286	1.128.449	97.704
Lugo	423.064	405.365	384.365	357.648	348.067	325.048	-98.016
Ourense	441.260	430.159	353.491	338.446	328.697	304.467	-136.793
Pontevedra	781.334	883.267	896.847	903.759	954.877	947.869	166.535

Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Evolución da poboación. 1900-2024) (2025c)

Esta nova dinámica levou a que, na actualidade, case o 75% da poboación galega se sitúe no corredor que vai de Vigo ata A Coruña; en detrimento das provincias do interior, as que apenas concentran o 23,3% da poboación galega total.

### 1.3 Migración interna do rural ao urbano

O crecente despoboamento das comarcas rurais (zonas que representan 4/5 do territorio e nas que reside ¼ da poboación), resultou nunha Galiza na que o medio rural ten un peso cada vez menor. O éxodo das áreas rurais ao contorno urbano deu lugar a un reparto poboacional da superficie galega que difire radicalmente da que se percibía no país a mediados do século XX e que repercute no seu carácter eminentemente urbano (Pérez-Caramés, 2024). Galiza deixa de ser, polo tanto, unha sociedade rural para converterse nunha poboación cada vez máis vinculada ás áreas urbanas.

Con todo, e pese a que o proceso de despoboamento das áreas do rural estase a acentuar, destaca o progreso que algunhas localidades do interior (normalmente

vinculadas ás cabezas de comarca) amosan ter, pois conseguen manter un certo dinamismo económico e demográfico.

Nas últimas dúas décadas, os concellos de entre 2.000 e 20.000 habitantes perderon o 20,85% da súa poboación. En especial, foron os concellos de entre 2.000-5.000 habitantes aqueles que sufriron unha diminución máis acusada, cunha perda do 36,20% da poboación en pouco máis de 20 anos (Táboa 3). Unha situación que contrasta enormemente co aumento do 14,28% que viviron as zonas urbanas con máis de 20.000 empadroados.

Nesta nova dinámica, non son os concellos de maior número de habitantes os que máis poboación están a gañar; senón que son as zonas de entre 20.000 e 50.000 habitantes as que rexistran o maior crecemento (un 36,39%).

Ademais disto, e contraditoriamente ao fenómeno de despoboamento das áreas rurais, destaca o crecente incremento de poboación nos municipios con menor número de habitantes. Estes concellos viron incrementada a súa cifra de persoas empadroadas un 22,54%. Unha tendencia que, pese a priori semellar positiva, se debeu unicamente á perda de poboación que experimentaron os concellos de entre 2.000 a 5.000 habitantes no período analizado: o número total de concellos situados neste grupo pasa de ser de 113 no 2001 a situarse nos 83 en 2024. Desta maneira, as poboacións que anteriormente se encadraban dentro deste grupo, pasan a contabilizarse como concellos con menos de 2.000 residentes.

Táboa 3. Evolución do número de habitantes por tamaño de concello, 2001-2024

	2001	2011	2021	2022	2023	2024	Variación 2001-2024	Variación % 2001-2024
<b>2.000 ou menos</b>	111.491	133.116	141.611	142.743	141.865	143.929	32.438	22,54%
<b>2.000-5.000</b>	364.550	329.824	273.840	270.433	268.800	267.653	-96.897	-36,20%
<b>5.000-10.000</b>	437.832	376.142	383.340	373.797	374.022	369.232	-68.600	-18,58%
<b>10.000-20.000</b>	533.315	508.779	455.386	465.566	466.160	468.355	-64.960	-13,87%
<b>20.000-50.000</b>	293.123	429.643	455.750	456.422	458.628	460.841	167.718	36,39%
<b>Máis de 50.000</b>	955.569	995.424	988.250	983.864	989.949	995.823	40.254	4,04%

Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Poboación segundo o tamaño do concello de residencia, idade e sexo) (2025d)

## 2 Cadro macroeconómico

Unha vez exposta a evolución demográfica que experimentou a poboación galega, pasaremos a analizar a dinámica macroeconómica vivida neste último período. Para isto, cómpre estudar en profundidade as mudanzas que os principais indicadores macroeconómicos experimentaron e determinar cales foron as súas implicacións sobre o perfil actual da economía galega.

## 2.1 A evolución do PIB e do PIB por habitante

Desde mediados do século pasado, o PIBpc de Galiza multiplicouse de maneira exponencial, o que resultou nun proceso de converxencia pasiva coa media do Estado español. Se analizamos as cifras de INE, vemos como, no período 1995-2023, o PIB por habitante de Galiza aumentou nun 204,74% mentres que o do Estado español tan só o fixo nun 161,79%. Datos que *a priori* amosarían un achegamento á media española superior ao real, pois a evolución do PIB en termos absolutos foi inferior no caso galego: do 192,21% fronte ao 226,19% español.

Aínda así, cómpre destacar o alcance e rapidez das transformacións que a nosa comunidade experimentou con respecto a outras rexións da Península, as cales permitiron reducir a brecha con respecto ás zonas máis avanzadas:


Nos últimos 45 anos, a taxa de variación media anual do PIBpc galego creceu un 2,39%, unha porcentaxe que supera á media estatal do 1,75% (Cámara de Comercio de España, 2021) e que postula a Galiza como a segunda comunidade con maior taxa de crecemento relativo. Desta maneira, Galiza deixa de ocupar o posto 14 (no ano 1975), e pasa a posicionarse como a novena comunidade con maior PIB por habitante do territorio, sen chegar a superar, iso si, o promedio estatal.

## 2.2 O PIB

A continuación, e co obxectivo de obter unha visión integral do desempeño económico de Galiza e para poder determinar cales son as dinámicas internas que impulsan e frean o crecemento económico do país, pasaremos a facer unha análise máis profunda do PIB galego: polo lado da demanda, da oferta e da renda.


### 2.2.1 O PIB pola vía da demanda

Figura 4. Evolución do PIB galego a prezos de mercado (miles de euros)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Cadro macroeconómico de Galicia. Revisión Estatística 2024) (2025e)

Figura 5. Evolución do PIB galego a prezos de mercado (estrutura porcentual)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Cadro macroeconómico de Galicia. Revisión Estatística 2024) (2025e)

Observando a evolución do indicador na Figura 5, atopamos que a importancia relativa do gasto final sobre o conxunto do PIB caeu, entre 1995 e 2024, un 11,3% ata representar o 57,7% do PIB galego, o que mingua a importancia deste elemento como principal impulsor da demanda interna. Con todo, esta caída, explicada principalmente pola redución do peso porcentual que o consumo privado experimentou, non indica necesariamente un menor gasto por parte das familias. Se ben durante as épocas de recesión económica de 2010 e 2020 o consumo caeu debido á incerteza e á diminución da renda dispoñible, foi o aumento máis acelerado doutros compoñentes do PIB o que fixo diminuír o seu peso relativo. Cabe apuntar, ademais, que este fenómeno pode ser indicativo dunha diminución da renda dispoñible dos fogares como consecuencia do estancamento dos ingresos ou un posible aumento da precariedade laboral.


En canto ás Exportacións e Importacións, óbservease como estas creceron en paralelo (Figura 4), o que indica que a economía galega conta cun maior grado de apertura comercial. Especialmente desde o punto de vista das exportacións, as cales viñeron incrementando o seu peso porcentual sobre o PIB de maneira progresiva durante todo o período (un 24,7% en total). Como resultado deste fenómeno Galiza rexistrou nos últimos anos, un superávit na balanza comercial estranxeira que se acentuou no último período post-crise COVID-19, e que analizaremos en detalle posteriormente.

Pola contra, o gasto en formación bruta de capital non experimentou unha evolución positiva. Se ben en termos absolutos o investimento mostrou un crecemento moderado nos primeiros anos de expansión económica (2000-2005), na última década o indicador mantívose practicamente estancado, non chegando a superar aínda os niveis previos a 2010. A situación constátase se analizamos os datos porcentuais, que indican unha redución do peso do gasto en FBC sobre o PIB dun 5,2%.

## 2.2.2 O PIB pola vía da oferta

Esta perspectiva permite obter, de maneira desagregada, o VEB das principais ramas de actividade económica dun país, así como identificar os sectores que maior riqueza crean dentro desta. Ademais, a análise da evolución da súa contribución no PIB axúdanos a entender os cambios estruturais que se produciron na economía e a adaptar, á súa vez, as políticas sectoriais aos mesmos.

Figura 6. Evolución da estrutura % do VEB de cada rama de actividade (1995-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas económicas trimestrais. Revisión Estadística 2024) (2025f)

\*O cálculo das cifras realizouse tomando como base o VEB total, excluíndo a participación do Estado mediante os impostos netos dos produtos.

Da figura anterior podemos extraer diversas conclusións en firme. En primeiro lugar, que na estrutura sectorial de Galiza predomina claramente o sector servizos sobre o resto de actividades, chegando a representar o 71,66 % do VEB total en 2024. Ao longo do período, as actividades terciarias foron adquirindo progresivamente un maior peso dentro da economía galega, en detrimento do resto de actividades económicas, especialmente das relacionadas co sector primario. Entre 1995 e 2024, o peso do sector servizos aumentou un total de 10,52 puntos, situación que contrasta coa forte redución do VEB do sector primario. Este fenómeno pon de manifesto (e consolida) o acusado transvase sectorial que xa comezara a experimentar a nosa economía a mediados do século pasado.

Así mesmo, destaca a redución que experimentou a construción logo da Gran Recesión, pois pasou de representar o 12,61 % do VEB total en 2006 a supoñer tan só o 7,15 % en 2014. O axuste que experimentou o sector, cunha caída de máis de 5,46 puntos en


menos de dez anos, pon en evidencia a excesiva importancia que este adquirira durante os anos da expansión inmobiliaria.

Como mencionamos anteriormente, outro dos cambios salientables que se produciron na estrutura produtiva recente de Galiza é o relativo ao das actividades primarias, as cales viron reducida a súa achega ao VEB total un 4,69 % en menos de 30 anos. Pese a que esta variación non parece tan acusada, se observamos máis detidamente os datos, vemos como o groso desta modificación se produciu entre 1995 e 2005.

### 2.2.3 O PIB pola vía da renda

Este enfoque permítenos analizar a evolución das desigualdades económicas, avaliar os efectos das medidas tomadas polos gobernos para corrixir os desequilibrios na distribución da renda e examinar a relación existente entre estas dinámicas e o crecemento económico.

Figura 7. Evolución do peso dos salarios e do EBE sobre o PIB (1995-2023)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Cadro macroeconómico de Galicia. Revisión Estatística 2024) (2025e)

Historicamente, a importancia relativa de ambos os dous compoñentes era similar, o que significaba un reparto máis ou menos equitativo do valor engadido xerado no país. Non obstante, os acontecementos recentes da nosa economía, racharon con esta tendencia e acentuaron o nivel de desigualdade económica do territorio.

Tal como se aprecia na Figura 7, durante a etapa da Gran Recesión, e pese a que en termos absolutos a renda dispoñible das familias se reduciu debido á forte destrución de emprego e á caída da actividade económica, o peso da remuneración dos asalariados sobre o PIB aumentou. Esta circunstancia explícase pola profunda contracción que experimentou o excedente bruto de explotación, unha caída moito maior que a da masa salarial, propiciada pola redución da demanda en sectores estratéxicos como o da construción.

Adicionalmente, a relativa estabilidade dos salarios no sector público, así como a acción dos mecanismos propios do Estado de benestar (como o Salario Mínimo Interprofesional), contribuíron a amortecer a perda de renda da clase traballadora, funcionando, desta maneira, como estabilizadores automáticos.


Así, as consecuencias da crise en termos de desigualdade estiveron presentes ata 2014, momento no cal comeza un período de recuperación que conseguiu mellorar as condicións dos empregados e aumentar a renda percibida pola clase media/baixa (Matute Pablo, 2024). A chegada do crecemento económico permitiu restablecer a dinámica previa, caracterizada por manter parcialmente a equidade na distribución das rendas.

Este proceso de mellora reverteuse coa chegada da crise sanitaria, aumentando consigo a desigualdade: desde 2020, os beneficios empresariais rexistraron un incremento de máis de 3,7%, chegando a acadar máximos históricos sobre o seu peso no PIB (en 2023 representaron o 47,3% do PIB total). Paralelamente, produciuse a redución constante e acelerada dos salarios totais (diminuindo a súa importancia sobre o PIB un 3,8%).

Este desequilibrio evidencia unha transferencia progresiva da riqueza cara ao capital empresarial, en detrimento da clase traballadora, que perde peso sobre o PIB galego. Así as cousas, isto non é máis que a consecuencia directa da crise inflacionaria vivida estes últimos dous anos, onde o poder adquisitivo dos traballadores se viu erosionado polo aumento dos prezos e o endurecemento da política monetaria a través da subida dos tipos de xuro.

A variación interanual dos compoñentes do PIB pola vía da renda (Figura 8) amosa como a forte caída que sufriron os beneficios percibidos polas empresas no 2020 (-9,9%) veu acompañada dun intenso crecemento en 2021 do 15,8%, así como de aumentos posteriores do 14,7% en 2022 e do 8,6% en 2023. Unha narrativa que pon luz á capacidade das empresas de trasladar a subida en custes aos prezos de venda, mantendo, e mesmo ampliando, as súas marxes de beneficios nun contexto económico adverso.

Figura 8. Variación interanual dos compoñentes do PIB pola vía da renda (1995-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024) (2025f)


O fenómeno descrito constata ademais a desconexión existente entre o crecemento económico e a mellora real das condicións de vida da maior parte da poboación: os ingresos do traballo non están experimentando melloras proporcionais ás dos rendementos de capital.

Unha tendencia que é indicativa dun modelo de crecemento económico que favorece a acumulación de capital nas empresas, especialmente na parte superior da pirámide, e que incrementa consigo a desigualdade social. A pesar do papel relevante que representaron nos últimos anos diversas medidas de protección social e laboral (como o aumento do SMI, os ERTes ou a acción dos fondos Next Generation da UE) na protección da clase traballadora durante a crise; os datos amosan que estas iniciativas non resultaron suficientes para revertir a tendencia cara a unha distribución desigual da renda.

### 2.3 FBCF

Como apuntamos anteriormente, o gasto en FBC actual diminuíu relativamente con respecto aos períodos previos, o que podería limitar o potencial de crecemento do país e dificultar o noso proceso de converxencia. Neste sentido, cómpre analizar de maneira máis detallada a evolución do gasto en Formación Bruta de Capital Fixo, o principal compoñente do investimento. Este mide o investimento realizado en activos produtivos, polo que ten importantes implicacións sobre a produtividade e a competitividade da rexión.

Figura 9. Evolución do peso do investimento en FBCF de Galiza e España sobre o total do PIB (2000 - 2022)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Cadro macroeconómico de Galicia. Revisión Estatística 2024) e o INE (2025e)


Na anterior figura pódense identificar claramente as tres etapas que marcan a evolución que experimentou o investimento en FBCF na nosa economía.

Un primeiro período de crecemento económico, entre 1995 e 2007, caracterizado polo proceso de cambio económico e social, a apertura internacional e a crecente urbanización e investimento en construción. Anos nos que o gasto chegou a aumentar máis dun 160%, consolidando unha etapa de expansión e converxencia económica coa media española e europea.

É a partir da crise económica de 2008 cando se observa o cambio de tendencia máis acusado, cunha baixada do 47,69% no gasto en investimento en Galiza entre 2007 e 2014, lixeiramente máis profunda á do territorio español. O estalido da burbulla inmobiliaria produciu unha forte redución da actividade en sectores como a construción, o que, consecuentemente, levou a que a partida de maior importancia do FBCF (relativa ao ámbito inmobiliario) descendese consigo.

Non é ata o ano 2015 cando ambos territorios comezan a amosar unha pequena recuperación e estabilización, sen chegar a acadar os niveis previos á recesión. Como consecuencia, Galiza mantén niveis máis baixos aos de España de maneira persistente, o que non só acentúa as diferenzas, senón que tamén supón unha ameaza para o proceso de converxencia da comunidade.

Figura 10. Investimento en FBCF VS PIB Galiza



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Cadro macroeconómico de Galicia. Revisión Estatística 2024) (2025e)


Mención especial merece a partida de gasto en actividades de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), un compoñente clave dentro do gasto en FBCF dun país posto que funciona como indicativo da calidade do investimento do mesmo. Esta está relacionada coa xeración de produtos con maiores niveis de valor engadido e crea importantes vantaxes competitivas para a estrutura produtiva dun estado. Un maior esforzo inversor en I+D, ademais, está vinculado con economías máis adiantadas tecnoloxicamente e con maiores niveis de desenvolvemento, tanto social como económico.

Así, no caso de Galiza, os sectores que maior esforzo investidor realizan son, en gran parte, os mesmos que maior peso económico, estratéxico ou tecnolóxico teñen. Destacan a industria da automoción, as enerxías renovables, o sector agrónomo e pesqueiro, ou as industrias farmacéuticas e de biotecnoloxía.

En termos per cápita, o gasto en I+D de Galiza situouse, en 2023, nos 355,7 mil euros, o que postula á comunidade como a sétima rexión que maior gasto realiza en investimento en produtos de propiedade intelectual.

Ademais disto, Galiza destaca por ser a comunidade autónoma que maior esforzo en I+D realizou desde a pandemia, rexistrando un crecemento superior ao 53% desde 2019. Isto, non só reforza a súa posición, senón que tamén reduce notablemente a brecha con respecto ás rexións máis avanzadas do país.

Figura 11. Evolución do gasto en I+D en relación co PIB en España, Galiza e a UE 27 (2000-2023)




Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Indicadores de contexto de la economía gallega) (2025g)

Con todo, Galiza e España, seguen a manter niveis de gasto en I+D moi inferiores aos da media europea (Figura 11), o cal non chega a metade da dos países desenvolvidos da UE, un dato de dubidosa solución a curto prazo en canto que o tecido empresarial español e galego está fortemente conformado por PEMES, o que demanda un maior esforzo de investimento de capital (Rodríguez Orós, 2016).

### 3 Distribución sectorial


O crecemento económico veu acompañado dunha profunda transformación na estrutura sectorial da sociedade galega: un proceso de reestruturación social co traspaso da poboación da agricultura á industria, á construción e, en maior medida, ao sector servizos. Un fenómeno que, aínda que tardío en comparación coa situación española e europea, se desatou de maneira máis abrupta, cun rápido descenso da man de obra agraria: na actualidade, a poboación ocupada no sector primario é un 15,29% inferior á 1995, o que supón 140.000 postos de traballo menos.

Figura 12. Evolución do peso % da produción, do VEB e do emprego dos principais sectores sobre o total (2000-2022)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas de produción e explotación por ramas de actividade. Revisión Estatística 2024) (2025h)

Figura 13. Evolución do peso dos principais sectores sobre o total do VEB (1995-2023)




Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024) (2025f)

Un intenso proceso de desagrarización que estivo marcado polas seguintes tendencias: o aumento do volume de produción en case un 50%, a diminución da renda do sector debido ao aumento dos consumos intermedios, das amortizacións de capital fixo e á dinámica desfavorable dos prezos, e ao aumento da renda e da produtividade por ocupado como consecuencia da redución da man de obra (López Iglesias, 2019).

Así, e paralelamente ás mudanzas que se produciron na dinámica sociodemográfica de Galiza, o mercado laboral experimentou, consigo, unha serie de transformacións, nas que o desequilibrio estrutural entre a oferta e demanda de traballo, constituíron un trazo permanente desde a metade do século XX ata a actualidade (López Iglesias, 2016). O progresivo avellentamento da poboación unido á falta de relevo xeneracional, está a xerar un déficit laboral en certos sectores. Neste sentido, a inmigración estranxeira funciona como factor de contención, pois esta a cubrir postos nos que resulta difíciles atopar poboación oriunda (sectores primario e secundario), e que se situal principalmente en zonas rurais (Saco Álvarez, 2010).

Figura 14. Evolución do número de empregados por sector económico (1995-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Emprego) (2025i)

\*non se inclúe o sector terciario para facilitar a visualización dos datos e os cambios máis relevantes que se produciron no resto de sectores.

O resultado: a configuración dunha nova estrutura económica e social, máis parecida á do Estado tanto en PIB como emprego. Desta maneira, e se ben é certo que na actualidade o peso macroeconómico do sector agrario é maior ca no contexto español e europeo, as diferenzas son modestas e cada vez menos pronunciadas, polo que non podemos seguir considerando Galiza como unha sociedade vencellada ás actividades primarias.

Agora ben, pese a verse reducido o seu peso, o sector agrario mantén a relevancia na nosa economía, tanto en termos sociais como produtivos. Isto vese reflectido nas

singularidades que presenta a división do traballo en Galiza, orientado cara actividades relacionadas coa explotación dos recursos naturais e coa especialización industrial.

Deste xeito, cómpre analizar máis detalladamente tanto as peculiaridades do sector agrario como a composición do tecido industrial galego e das actividades terciarias características. Aspectos clave á hora de establecer unhas bases de partida que aseguren o desenvolvemento endógeno (e en consecuencia o progreso) do rural e de Galiza, e que nos permitan reducir a brecha con respecto aos indicadores europeos.

### 3.1 O sector primario

Nos últimos lustros, o sector primario galego mudou radicalmente, produto da acción dunha serie de cambios no comercio, nas políticas públicas e nas demandas da sociedade. O aumento da competencia internacional e europea, a configuración dun marco institucional moito máis complexo e a crecente importancia das cuestións ambientais, de calidade e de salubridade, deron paso a un sector primario característico do noso territorio (López Iglesias, 2019).

Atendendo ao reparto estrutural dos grupos económicos que compoñen o sector primario galego, constátase que as actividades agrícolas, gandeiras e caza ademais de seguir sendo as máis representativas, presentan unha tendencia crecente: desde o 2000 esta rama de actividade aumentou o peso no VEB máis dun 7%.

Dentro desta categoría, destaca a clara especialización gandeira que presenta a produción agraria de Galiza, en especial cara ao sector lácteo, eixo produtivo principal das comarcas do interior. Así, e grazas ao profundo proceso de reestruturación que experimentou coa redución do número de explotacións e o aumento do volume de produción, Galiza sitúase actualmente non só como a maior potencia láctea española, senón tamén entre as dez primeiras da UE (López Iglesias, 2019).

A tecnificación produtiva do sector, froito de fortes investimentos, supuxo tanto a mecanización das labores agrícolas como a aplicación de novas innovacións sobre o capital produtivo. A consecuente substitución do traballo por capital (acompañada da perda de man de obra agraria) e o aumento do stock de capital por traballador, permitiron o acercamento en termos de produtividade por traballador ás medias española e europea (López Iglesias, 2019).

#### 3.1.1 O complexo agroindustrial

Co fin de realizar unha análise máis acertada e completa do que o sector primario representa para o conxunto da economía galega, resulta imprescindible considerar o complexo agroalimentario no seu conxunto. Este segmento inclúe, ademais das actividades propias do sector primario, os produtos transformados derivados da

agroindustria, unha rama industrial que, en última instancia, forma parte dunha mesma cadea produtiva.

Neste sentido, o sector constitúe un elemento especialmente relevante para o desenvolvemento económico das zonas rurais, pois exerce un efecto estabilizador sobre o territorio e contribúe á fixación de poboación no mesmo.

En termos numéricos, a industria alimentaria galega xerou, en 2022, un VEB total de 1.529 millóns de euros e deu traballo a un total de 31.645 persoas; cifras que seguen unha tendencia crecente desde principios da década. Ademais, contextualmente, Galiza representa o 7,5% (ICEX 2025) da facturación total da agroindustria española, o que sitúa a nosa comunidade como a quinta rexión con maior volume de negocio neste ámbito. Uns datos que, en termos relativos, superan á media, tanto española como da UE, o que indica a existencia dunha certa especialización da nosa economía cara ao complexo agroalimentario.

Táboa 4. Estrutura do complexo agroalimentario na economía galega (2000-2022)

% VEB	2000	2010	2015	2022
<b>Agricultura, gandería e pesca</b>	<b>6,73%</b>	<b>4,83%</b>	<b>5,93%</b>	<b>4,60%</b>
<b>Industria agroalimentaria</b>	<b>2,34%</b>	<b>1,81%</b>	<b>2,27%</b>	<b>2,33%</b>
Industria cárnicos	18,98%	19,33%	21,85%	21,4%
Peixes, crustáceos e moluscos	31,16%	38,85%	38,57%	34,2%
Industria láctea	15,29%	10,73%	12,18%	12,7%
Industria alimentación animal	7,55%	8,49%	6,02%	6,6%
Outras industrias alimentarias	27,01%	22,60%	21,37%	25,1%
<b>Total do complexo agroalimentario</b>	<b>9,07%</b>	<b>6,65%</b>	<b>8,20%</b>	<b>6,94%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas de produción e explotación por ramas de actividade. Revisión Estatística 2024) (2025h)

Así as cousas, debemos mencionar a latente debilidade da nosa agroindustria: o enfoque cara á produción de materias primas e o limitado desenvolvemento da industria transformadora, ademais de aumentar o poder de negociación das cadeas de distribución (o que diminúe a marxe industrial), achega un menor valor engadido. Problema que se acentúa no caso do sector lácteo, pois, pese a que Galiza representa o 38% da produción de leite de vaca en España, a súa aportación á industria láctea só supón o 8% (López Iglesias, 2019).


Como consecuencia, a balanza agroalimentaria presenta un saldo estruturalmente deficitario: Galiza exporta materias primas e derivados simples con menor valor económico no mercado español, ao tempo que presenta un elevado déficit en produtos elaborados (López Iglesias, 2019).

## 3.2 O sector industrial

No que respecta á análise do sector industrial galego, desde os anos 80 ata a pandemia, este tamén experimentou fortes fluctuacións. Os efectos da segunda crise do petróleo e da Gran Recesión, así como o forte proceso de recuperación previo ao estalido da crise financeira, configuraron un novo panorama caracterizado polos seguintes aspectos: a privatización da empresa pública, a desaparición da contorna financeira, a fragmentación das cadeas de valor, e o fortalecemento do compoñente innovador como eixo central da competitividade empresarial (Carmona Badía, 2022).

O notable éxito do proceso de recuperación vivido ata o ano 2020, momento no que se viu truncado polo impacto da COVID, resultou no aumento do VEB industrial galego por riba do español, significando unha mellora na posición da nosa comunidade con respecto ao resto do país. En termos de emprego, a cifra de ocupados no sector, aínda que experimentou importantes oscilacións, mantívose practicamente igual á do comezo do período (Figura 15).

Figura 15. Estrutura % do VEB e o emprego industrial sobre o total galego (2009-2024)




Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Oferta, demanda e rendas; Poboación activa por nacionalidade, sexo e sector económico) (2025j) (2025k)

Así, e antes da constitución do Parlamento, no tecido industrial galego predominaban a industria da alimentación, da madeira, da metalurxia e da construción naval e, posteriormente, a da enerxía e automoción. Con todo, eran a da alimentación (no relativo á pesca extractiva) e a do transporte (automoción e naval) as que acaparaban o 43% do valor total facturado (Carmona Badía, 2022).

Na actualidade, este panorama apenas mudou: a alimentación e a industria automobilística (co detrimento da construción naval) seguen a representar a maior parte da facturación (o 54,5% do total). Igualmente, a industria galega mantivo a especialización e concentración cara aos sectores da industria moderna da madeira, do téxtil e do material de transporte (Figura 16).

Figura 16. Evolución do peso do INCN das principais agrupacións industriais (1993-2022)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Enquisa industrial de empresas. Resultados por agrupacións e sectores de actividade. CNAE-93 e CNAE-09. Galicia) (2025I)

Con todo, os cambios internos que tiveron lugar nestas industrias foron moi grandes: reinvestíronse e reforzáronse, adaptándose ao proceso da globalización en curso, coa apertura ao exterior e co aumento do comercio intraindustrial.

Neste contexto, a única rama presente no tecido industrial galego que se considera de alto contido tecnolóxico e que parece ter xogo na terceira revolución industrial, é a do vehículo de motor. Esta característica configura un dos grandes retos que ten por diante a industria galega: o desenvolvemento de sectores máis vangardistas.

### 3.3 O sector terciario

A economía galega experimentou, nun período relativamente curto de tempo, a maior transformación sectorial da súa historia: en tan só cinco décadas, o sector terciario converteuse no principal motor económico de Galiza en termos de emprego (cun aumento de máis de 325.000 ocupados desde 1995) e de contribución ao PIB. Un proceso de terciarización que responde á necesidade da economía de dar servizo ao emerxente tecido industrial. As actividades terciarias xogan un papel estratéxico no desenvolvemento rexional, xa que o conxunto da economía depende dunha eficiente oferta de servizos para incrementar a produción e a calidade dos bens producidos (Márquez, 2000).

Como podemos observar na Táboa 5, o sector terciario galego, aínda que non presenta un grao de especialización salientable, conta con tres grupos de actividades que absorben ao redor da metade do VEB. Estes son os relacionados co comercio, o

transporte e a hostalaría; as actividades inmobiliarias e aos servizos públicos (sanidade, educación e administración pública), destacando estes últimos pola súa capacidade de xerar emprego de calidade (cun aumento do seu peso no total de persoas ocupadas do 5,25 % entre 2000 e 2024).

Destaca, entre os servizos destinados á venda, a importancia do comercio e a reparación de vehículos, rama que representa un 18,43% sobre o VEB total do sector terciario; as actividades inmobiliarias (16,17%); a hostalería (7,54%) e o transporte (6,03%). Pola súa banda, entre os servizos non destinados á venda, cobran especial relevancia os de carácter público como a sanidade (que supoñen o 10,18% do VEB servizos), resposta á crecente necesidade de dar soporte médico a unha poboación cada vez máis avellentada.

Táboa 5. Evolución do peso relativo do VEB dos servizos e os seus compoñentes

	2000	2005	2010	2015	2020	2024
<b>Comercio, transporte e hostalería</b>	19,4	19,5	19,1	19,6	17,7	21,4
<b>Información e comunicacións</b>	3,8	3,1	3	2,4	2,9	2,6
<b>Actividades financeiras e de seguros</b>	3	3,1	3,4	3	3,6	4,6
<b>Actividades inmobiliarias</b>	7,9	10,2	9,5	10,1	11,6	10,2
<b>Actividades profesionais</b>	3,9	4,5	5,3	5,8	6,7	6,2
<b>Administración pública, sanidade e educación</b>	14,8	14	16,7	17,2	19,2	16,7
<b>Actividades artísticas, recreativas e outros servizos</b>	3,7	3,6	4	4	3,7	3,7
<b>VEB TOTAL Servizos</b>	<b>56,5</b>	<b>58,1</b>	<b>61</b>	<b>62,2</b>	<b>65,5</b>	<b>65,5</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Oferta, demanda e rendas) (2025j)

Entre os diferentes sectores macroeconómicos, o sector terciario vese influenciado polas alteracións económicas dun xeito máis suave, xa que, debido á heteroxeneidade das actividades que compoñen o seu conxunto, non todas se ven afectadas do mesmo xeito polos efectos das crises. Ademais, paga a pena comentar que este sector inclúe unha elevada cantidade de actividades relativas ao sector público, as cales, polo xeral, manteñen un grao de estabilidade maior durante os períodos de recesión (Amoedo Fernández, 2022), debido a súa dependencia da financiación estatal e a súa natureza esencial para o benestar social.

Desta maneira, entre os subsectores máis perxudicados polas recentes crises, destaca a hostalería, que durante a COVID-19 rexistrou a baixada máis acusada (-3,45%); o transporte (-0,48%) e as actividades artísticas e de entretemento (-0,31%). Igualmente sucede co comercio de retalho e reparación de vehículos, actividade que non conseguiu recuperar os niveis previos aos rexistrados antes da crise financeira. Estas tendencias contrastan coa dinámica seguida polas actividades inmobiliarias, que acadaron o seu pico máximo de 11,6% en 2020, ou as relativas á administración pública (10,08%), sanitaria (10,94%) e educación (8,28%). Noutra banda, destaca o bo comportamento

durante a crise sanitaria da actividade de información e comunicacións, moito máis dinámica en Galiza que no resto de España (Fernández & Vecino, 2020).

Con todo, o sector terciario presenta unha serie de debilidades que limitan o seu potencial impulsor de innovación e fortalecedor da competitividade. Nun contexto de dixitalización, o sector das TIC supuxo, segundo o informe realizado en 2023 pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, un 2,7% do PIB galego no 2022, o que representa un grao de especialización menor á media estatal. Un menor investimento en I+D neste sector non só limita o desenvolvemento tecnolóxico, senón que ademais resulta imprescindible para crear un contexto económico á altura das elevadas esixencias dos mercados actuais. En segundo lugar, resulta igual de preocupante o comportamento do peso relativo das actividades relacionadas cos servizos destinados á venda, en especial relativos ao potenciamento do turismo e ás demandas de todas as empresas (Márquez, 2000).

En esencia, son factores contextuais como o déficit de persoal cualificado no sector TIC, as infraestruturas de transporte deficientes e insuficientes, así como a fuga de talento; os que bloquean o fortalecemento dun sector competitivo. Sen estes, non é posíbel estruturar unha economía moderna, capaz de dar soporte eficiente ás actividades empresariais.

## 4 Inserción comercial

Agora ben, compre ter ben presentes que todas estas transformacións, producíronse nun contexto internacional cambiante, marcado polo proceso de globalización económica, de integración na Comunidade Económica Europea (1986), de consolidación do Estado de Autonomía e de fortalecemento do Estado de Benestar, cun maior peso dos servizos públicos; creando así un marco internacional moito máis complexo e dinámico (López Iglesias, 2016).

Como se sinalaba en apartados anteriores, o crecemento económico que experimentou a nosa economía nas últimas décadas estivo estritamente ligado ao proceso de integración de Galiza no comercio internacional. A adhesión de España á CEE, e, máis recentemente, á Zona Euro (2000), tivo consigo importantes implicacións: a supresión dos aranceis e das barreiras comerciais facilitou o acceso das empresas galegas ao mercado único europeo, dando lugar á reconfiguración dos nosos fluxos comerciais. Desta maneira, os intercambios cos países membros foron gañando peso, en detrimento das relacións comerciais que, tradicionalmente, mantivera Galiza co resto das áreas do Estado.

Paralelamente, a integración na CEE contribuíu á mellora da competitividade do tecido industrial galego, impulsando un proceso de especialización cara sectores de contido tecnolóxico medio ou medio-baixo. A redución dos custos comerciais, a adaptación aos estándares europeos e o impulso do investimento estranxeiro; favoreceu á capacidade exportadora da nosa economía, tanto en valor como en volume, concentrándose

especialmente en ramas como a automoción, o sector téxtil, a pesca e a industria agroalimentaria.


Neste sentido, compre sinalar, pola súa importancia estratéxica nas exportacións, tres sectores que, xuntos, supoñen máis da metade das vendas totais da exportación do país:

O primeiro gran sector exportador é o téxtil, cunhas vendas exteriores á UE-27 que representan o 27,39% do total. As súas exportacións experimentaron unha evolución positiva durante todo o período analizado, chegando a rexistrar un aumento porcentual de 13 puntos (Figura 18). Ademais disto, destaca pola súa capacidade de xerar superávit comercial, contribuíndo nun 38,07% ao saldo comercial positivo do país (Figura 17).

En segundo lugar, atopamos o sector automobilístico, cuxas exportacións en 2024 coa UE-27 representaron o 23,98% do total (Figura 18), e o seu peso sobre o saldo comercial galego foi do 27,12% (Figura 17). Con todo, cabe dicir que, en termos relativos, reduciu a súa participación un total de 19,56 puntos, a favor doutros sectores exportadores da economía. É o caso das coqueterías e da refinación de petróleo, que protagonizaron un aumento das súas exportacións cara á UE-27 do 315,64%, o que a sitúa como o cuarto sector con máis peso exportador de Galiza.


En terceiro lugar sitúase á industria agroalimentaria, que supón o 12,24% do total das vendas de Galiza á UE-27. Deste sector destaca a importante redución que experimentou en relación a súa contribución ao saldo comercial galego, pois pasou de representar o 28,7% en 2019 ao 12,7% en 2024.

Figura 17. Peso do saldo comercial dos principais sectores exportadores da economía galega á UE-27 (2008-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países) (2025m)

Figura 18. Evolución do peso das exportacións dos principais sectores exportadores galegos na UE-27 (2008-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países) (2025m)

\*división sectorial realizada en base aos códigos CNAE-2009.

Así as cousas, a evolución do comercio exterior viviu importantes mudanzas nos últimos anos (Figura 19). Antes do 2007, a nosa balanza comercial presentaba cifras próximas ao equilibrio ou mesmo resultaba deficitaria. Así, non foi ata a chegada da crise financeira cando o saldo comercial galego comezou a presentar datos positivos, mantendo esta tendencia cara o superávit ata a actualidade. Unha situación que *a priori* podería parecer favorable, non o foi tanto: o superávit rexistrado na balanza comercial non se debeu a que a nosa economía se volvea máis competitiva e venderamos máis ao exterior, senón que, foi a forte caída das importacións (máis acentuada que a das exportacións) o que nos levou a este resultado.

A desaceleración da economía galega como consecuencia da crise financeira minguou a actividade económica, a capacidade de compra da nosa economía e os investimentos; o que por extensión se traduciu nunha caída substancial das compras que mantíñamos co exterior: entre 2007-2010, as nosas importacións coa UE-27 diminuíron un 15,12%, case cinco puntos porcentuais máis que as exportacións.


Non foi precisamente ata a chegada de 2010 cando, ambos indicadores (exportacións e importacións), volveron a recuperar a tendencia de crecemento positivo. O inicio da década actual marca un punto de inflexión, cunha reactivación do grao de apertura da economía galega, impulsada polo aumento progresivo das exportacións.

Neste sentido cómpre destacar especialmente os cambios acaecidos nestes últimos tres anos na nosa balanza comercial:

En primeiro lugar, destaca o aumento significativo que experimentaron as importacións (maior ao das exportacións) no 2022, o cal fixo minguar o superávit comercial dos períodos anteriores. Ao contrario do que pode parecer, este fenómeno alcista das importacións non se debeu a un aumento da cantidade de produtos importados. Pola contra, foron a forte presión inflacionaria e o encarecemento dos produtos enerxéticos (especialmente do gas), os principais factores que encareceron o valor das nosas compras co exterior.

Neste contexto, resulta aínda máis significativo o forte repunte rexistrado os dous anos posteriores, cun incremento exponencial do noso saldo comercial coa UE-27. Unha mellora que vén explicada pola significativa redución das importacións, motivada pola abaratamento dos prezos dos produtos enerxéticos e polo descenso da importación de sectores específicos como o automóbil. Todo isto, sumado ao progresivo crecemento das nosas exportacións, como consecuencia, en gran parte, da elevada inflación rexistrada estes últimos anos; levou a que a balanza comercial galega rexistrara un aumento superior ao 333% en tan só dous anos.

Figura 19. Evolución das Importacións, Exportacións e Saldo Comercial coa UE-27(2020)



Fonte: Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo IGE (Comercio exterior e intracomunitario. Galicia e provincias) (2025n)

Ademais, Galiza destaca por presentar unha taxa global de apertura en bens e servizos particularmente elevada. Nas últimas décadas, o grado de apertura comercial de Galiza aumentou significativamente. Neste sentido, cómpre subliñar que, malia a que o grado de apertura dunha economía territorial tende a ser menor debido a que o tecido industrial soe estar máis orientado ao ámbito nacional, a presenza en Galiza de grandes unidades produtivas e multinacionais, contribúe a explicar esta elevada internacionalización (Placer Galán, 2016). De feito, este factor característico do noso territorio, fai que a nosa economía duplique case a media do Estado español, situando

a Galicia como unha das economías rexionais máis abertas ao exterior dentro do Estado español.

# Conclusións e ampliación

En apenas medio século, Galiza pasou de ser unha sociedade eminentemente rural, cunha economía centrada nas actividades agrarias, a configurarse como un territorio urbano cunha estrutura produtiva moito máis próxima á dunha economía moderna e internacionalizada.

Con todo, a rapidez deste desenvolvemento deixa á vista un panorama no que conviven dúas realidades totalmente contradictorias: en Galiza o progreso e a innovación comparten espazo con importantes deficiencias estruturais que limitan a capacidade de crecemento e desenvolvemento endógeno, especialmente nas áreas rurais e do interior.

Desde o punto de vista demográfico, vivimos un período marcado polo estancamento global do número de habitantes e polo progresivo avellentamento da poboación. Como consecuencia: a evidente perda de peso demográfico, político e económico do noso territorio dentro do contexto intracomunitario. Un panorama que semella ser aínda máis alarmante nas comarcas do interior de Lugo e Ourense, provincias nas que só as capitais e certas cabezas de comarca, están a amosar un certo dinamismo económico, mentres que o resto de zonas se afastan dos centros de decisión, emprego e servizos.

Neste sentido, cabe pensar que o saldo exterior positivo sostido que experimentou o territorio nos últimos anos, supón unha oportunidade para a rexeneración do rural e o sustento da man de obra en sectores estratéxicos. A chegada de inmigrantes incide positivamente no aumento da taxa de poboación activa, especialmente en sectores como a pesca, a agricultura ou a construción; onde resulta difícil atopar relevo xeracional de poboación oriúnda.

Así as cousas, a xeración deste novo escenario non é máis que froito e semente de certos fenómenos socioeconómicos acaecidos no período, como o aumento do nivel formativo da poboación, a deslocalización dos procesos produtivos, a introdución das novas tecnoloxías, a proliferación das grandes industrias ou a incapacidade das administracións locais de incidir sobre o desenvolvemento das áreas rurais. Unha realidade na que o sector público xoga un papel clave pois resulta imprescindible a aplicación de políticas adaptadas ás peculiaridades do entorno, libres de intereses políticos e de exceso de burocracia, moitas veces pouco efectiva. Galiza atópase nun período clave, no que a elección entre un modelo de desenvolvemento territorial equilibrado que aproveite o recursos endóxenos das comarcas e fixen poboación, ou a perpetuación dun modelo socioeconómico concentrado nas grandes urbes, dependente do gasto público e con dificultades crecentes para soste-lo modelo social; é o que definirá e condicionará a realidade futura do país.

Do balance macroeconómico de Galiza observamos un período de forte crecemento do PIB, o cal, aínda que en termos per cápita foi superior debido a perda de poboación, non chega a alcanzar á media española. Da súa análise detallada, obtemos as seguintes conclusións: o crecemento económico vén motivado principalmente pola expansión do comercio exterior, en detrimento de partidas como o FBCF. Paralelamente, destaca a mellora da produtividade, produto da capitalización das empresas, da reestruturación sectorial e do aumento do nivel educativo da poboación; factores que contribuíron a reducir a brecha existente co territorio español e europeo.

Como consecuencia destas melloras, consolídase o trazo dominante que define a nosa realidade actual: a desagrarización e conseguinte terciarización da economía. Unha profunda reestruturación sectorial que situou a Galiza nun entorno máis próximo ao das economías europeas, pero no que conviven unha serie de particularidades territoriais e produtivas propias que lle confiren un valor diferencial.

Destaca, polo tanto, a importancia que ten para Galiza o sector agroindustrial, especialmente pola súa capacidade de xerar valor engadido e emprego industrial. Non obstante, as deficiencias presentes na base territorial (pouca superficie e elevada fragmentación) e no uso da terra (co predominio de pequenas explotacións de escaso peso produtivo e concentración das grandes explotacións nas comarcas da metade setentrional), unido ao efecto do resto de variables xa mencionadas (como o escaso desenvolvemento da industria transformadora), están a limitar a súa acción como posible motor do desenvolvemento endógeno de moitas comarcas galegas.

O aumento que experimentou o VEB real na Industria, e que sitúa a Galiza por riba da media española, preséntase como un factor clave sobre o que paga a pena incidir polos importantes efectos que ten sobre a renda e o emprego doutros sectores. Neste sentido, cómpre levar a cabo medidas longoplacistas que axuden ás empresas a gañar tamaño, que aposten por fomentar o gasto inversor, que impulsen o crecemento de sectores industriais máis vangardistas como o tecnolóxico, a biomedicina e as enerxías renovables (áreas nas que Galiza xa está a traballar a súa presenza no ámbito internacional); e que, a súa vez, busquen reter aqueles mozos e mozas cualificados que non atopan cabida dentro mercado laboral actual.

Mudanzas que acaeceron nun marco definido pola inserción comercial de Galiza no eido internacional. A crecente taxa de apertura comercial e a elevada importancia que representan nesta as exportacións (motor principal do crecemento económico do noso país), pon o foco de actuación sobre esta vía para potenciar a creación de emprego e a diversificación produtiva da economía.

Con todo, resulta de especial interese mencionar o impacto que tiveron as recentes crises sobre o actual panorama económico. Do repaso dos datos dos últimos catro anos, chama a atención o evidente aumento da desigualdade económica que está a vivir a rexión: o continuo crecemento dos beneficios empresariais, en detrimento do saldo dos traballadores, pon de manifesto ás limitacións do actual modelo de crecemento económico, o cal vén favorecendo a concentración da riqueza nos estadios máis altos da pirámide social. Unha realidade que nos fai pensar que, pese aos indiscutíbeis avances económicos e sociais, o crecemento por si só non é suficiente. O verdadeiro reto

que se nos formula reside en transformar ese crecemento nun progreso real, inclusivo e sostible, que garanta o benestar de toda a cidadanía e a sustentabilidade do país a medio e longo prazo.

No relativo ás limitacións que se presentaron na realización do estudo, poderíase destacar a dificultade de obter datos para un período de tempo máis extenso temporalmente. Ao non estar dispoñibles en páxinas oficiais como o IGE ou o INE a maior parte do traballo límitase a facer unha análise do acaecido nas últimas dúas décadas, deixando de lado períodos previos nos que sucederon moitas das transformacións máis relevantes.

Este traballo trata de ofrecer unha visión global da realidade socioeconómica de Galiza, co obxectivo de dar pé a futuras investigacións nas que se analicen, máis detalladamente, sectores específicos, así como aspectos culturais ou sociais que poden influír no desenvolvemento endóxico. Ademais, resultaría de interese enriquecer os resultados aportando datos sobre a Renda Familiar Dispoñible, o Índice de Desenvolvemento Humano ou a taxa de emprego e desemprego; indicadores que nos permiten coñecer o nivel de vida material e o benestar social da poboación e nos acerca máis a realidade vivida polas economías domésticas.

# Bibliografía

- Álvarez-Sousa, A. (2024). O mercado laboral en Galicia no Século XXI. *A Galicia do Século XXI* (pp. 307-322). <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=9881637>
- Amoedo Fernández, Á. J. (2022). *A dinámica recente da estrutura sectorial galega: Unha análise a partir dos sectores característicos da nosa economía*. (Traballo de fin de grao). Universidade de Santiago de Compostela.
- Ares Fernández, J. J., & Meixide Vecino, A. (2023). *Os impactos da COVID-19 na economía galega*. Consello Económico e Social de Galicia. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=952980>
- Carmona Badía, X. (2022). 8. Mellores, pero non moi distintos: A industria na Galicia autonómica. En *Os tempos son chegados: un balance da Galicia autonómica: 1981-2021* (pp. 159-175). <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8741284>
- Consejo General de Economistas de España & Cámara de Comercio de España. (2021). *45 años de evolución económica, social y empresarial de las comunidades autónomas en España (1975-2020)*. [https://economistas.es/Contenido/Consejo/Estudios%20y%20trabajos/CGE-Estudio\\_45\\_anos\\_evolución\\_económica%2C\\_social\\_empresarial\\_CCAA.pdf?t=1613559442](https://economistas.es/Contenido/Consejo/Estudios%20y%20trabajos/CGE-Estudio_45_anos_evolución_económica%2C_social_empresarial_CCAA.pdf?t=1613559442)
- Hernández Borge, J. (2003). La inmigración exterior en Galicia. *Papeles de geografía*, 37, 155-164. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=786276>
- ICEX España Exportación e Inversiones. (2025) *Industria agroalimentaria*. Invest in Spain. <https://www.investinspain.org/es/sectores/industria-agroalimentaria>
- Instituto Galego de Estatística. (2017). *Análise do sector do transporte e da loxística*. [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AIE\\_Analise\\_Transporte\\_Loxistica.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AIE_Analise_Transporte_Loxistica.pdf)
- Instituto Galego de Estatística. (2025a). *Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. Serie 1975–2023* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=227&c=0501&idioma=es>
- Instituto Galego de Estatística. (2025b). *Poboación segundo idade e nacionalidade (española/estranxeira)* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=5592&paxina=001&c=0201001002>

- Instituto Galego de Estatística. (2025c). *Evolución da poboación. 1900–2024* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=1552&paxina=001&c=0201001001&idioma=es>
- Instituto Galego de Estatística. (2025d). *Poboación segundo o tamaño do concello de residencia, idade e sexo* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=5275&paxina=001&c=0201001001>
- Instituto Galego de Estatística. (2025e). *Cadro macroeconómico de Galicia. Revisión Estatística 2024* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9606&c=0307007001&idioma=es>
- Instituto Galego de Estatística. (2025f). *Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=11070&paxina=001&c=0307007002&idioma=es>
- Instituto Galego de Estatística. (2025g). *Indicadores e contexto de la economía gallega* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/indige.jsp?idioma=es&codigo=0601&foper=xml/mini>
- Instituto Galego de Estatística. (2025h). *Contas de producción e explotación por ramas de actividade. Revisión Estatística 2024* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9610&paxina=001&c=0307007001>
- Instituto Galego de Estatística. (2025i). *Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Empleo* [Dataset]. Recuperado de [https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?idioma=es&COD=11069&R=5\[all\];3\[all\]&C=T\[3:5\]&F=2:1;4:2;6:1&S=998:12](https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?idioma=es&COD=11069&R=5[all];3[all]&C=T[3:5]&F=2:1;4:2;6:1&S=998:12)
- Instituto Galego de Estatística. (2025j). *Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Oferta, demanda e rendas* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?idioma=es&COD=11070&c=0307007002>
- Instituto Galego de Estatística. (2025k). *Poboación activa por nacionalidade, sexo e sector económico* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?idioma=es&COD=6383&paxina=001&c=0204031014>
- Instituto Galego de Estatística. (2025l). *Enquisa industrial de empresas. Resultados por agrupacións e sectores de actividade. CNAE-93 e CNAE-09. Galicia* [Dataset]. Recuperado de [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=es&codigo=0303002&num\\_pag=1](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=es&codigo=0303002&num_pag=1)

- Instituto Galego de Estatística. (2025m). *Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?idioma=es&COD=9656>
- Instituto Galego de Estatística. (2025n). *Comercio exterior e intracomunitario. Galicia e provincias* [Dataset]. <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?idioma=es&COD=9658>
- Instituto Nacional de Estadística (2025). *Contabilidad nacional trimestral de España: principales agregados (CNTR)* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=67821&L=0>
- Instituto Nacional de Estadística (2025). *Formación bruta de capital fijo por activos y ramas de actividad* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=32910>
- Instituto Nacional de Estadística (2025). *Población residente por fecha, sexo y edad (desde 1971)* [Dataset]. Recuperado de <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=67821&L=0>
- López Iglesias, E. (2016). Do atraso ao progreso económico de Galiza? Un proceso histórico á espera dun relato. *Historia das historias de Galicia* (pp. 329-356). <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7992625>
- López Iglesias, E. (2019). O sector agrario e agroalimentario en Galicia: Balance das transformacións desde a integración europea, 1986-2016. *Revista galega de economía: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*, 28(3), 1-20. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7289607>
- Matute Pablo, Á. (2024). *Evolución de la desigualdad de la renta en España y su entorno*. (Trabajo de Fin de Grado). Universidad de Zaragoza. <https://zaguan.unizar.es/record/146223/files/TAZ-TFG-2024-4025.pdf>
- Mella Márquez, J. M. (2000). *Cambio estructural e eficiencia productiva da economía galega*. *Revista galega de economía: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*, 9(1), 25-42. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2243952>
- Pérez-Caramés, A. (2024). Estructura y dinámica de la población gallega entre 1950 y 2020. Entre la inercia y el pesimismo demográfico. *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine. De 1808 au temps présent*, 4, Article 4. <https://doi.org/10.4000/11uwd>
- Placer Galán, J. L. (2016). Configuración actual del comercio exterior en Galicia. *Pecunia: revista de la Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales*, 23, 115-170. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6094988>
- Rodríguez Orós, A. (2016). *La Formación Bruta de Capital en España. Un análisis del período 1995-2015*. (Trabajo de fin de grao). Universidad de Zaragoza. <https://zaguan.unizar.es/record/56457/files/TAZ-TFG-2016-2640.pdf>;

Saco Álvarez, A. (2010). Desarrollo rural y despoblación en Galicia. Escenarios y desarrollos futuros. *Revista de estudios sobre despoblación y desarrollo rural*, 9, 11-30. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/3759946.pdf>

Xunta de Galicia & Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). (2024). *Galicia Dixital: O sector TIC de Galicia. Informe executivo 2023*. <https://www.osimga.gal/gl>